

NORMATIVA CAMPIONATO XOGADE

CAMPO A TRAVÉS HORARIO LECTIVO 2022-2023

A Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia en colaboración coas Agrupacións Deportivas Escolares organizan esta competición destinada ao alumnado dos Centros Educativos participantes no programa XOGADE.

A finalidade desta actividade é a dinamización e promoción do Deporte Escolar mediante a participación inclusiva de todo o alumnado. Levarase a cabo en horario lectivo, favorecendo a participación dos escolares.

NORMATIVA

Art. 1.- Data e lugar. Esta competición levarase a cabo na data e lugar a definir pola Agrupación Deportiva Escolar e o Servizo Provincial de Deportes.

Art. 2.- Categorías. A proba está destinada ás seguintes categorías: de 2º e 3º de E.P. (**benxamíns 2015 -2014**) 4º e 5º de E.P.(**alevíns 2013-2012**) 6º de E.P. e 1º de ESO (**infantís 2011-2010**) 2º e 3º de ESO (**cadetes 2009-2008**) nenos e nenas. As carreiras organizáranse por cursos académicos e por sexo.

Art. 3.- Mutualidade. Poderán intervir aqueles deportistas das citadas categorías que estean dados de alta na modalidade de campo a través do programa XOGADE formando parte da súa entidade correspondente.

Art. 4.- Inscripcións. A inscrición dos/as participantes rematará **cinco días antes da data da proba**, e farase utilizando as follas de inscrición adxuntas. Poderase exportar nun Excel, dende a aplicación de XOGADE, os datos precisos. Non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial. A inscrición remitiranse ao enderezo de correo electrónico deportes.vigo@xunta.gal , nun só documento, e nunha soa folla de cálculo; o formato do documento a enviar deberá ser Open Office ou Excel:

- O campo "Dorsal" quedará baleiro para que a organización asigne o número correspondente.
- Os campos "Nome" e "Apelidos" deberá ir cuberto cos datos correspondentes a cada rapaz/a.

- No campo "Categoría" deberase indicar o curso do rapaz/a unicamente co número (para 2º EP – 2; para 3ºEP – 3; etc.) e o sexo (F para a categoría feminina e M para a masculina) para os cursos de secundaria engadirase un E (ESO); indicando deste modo: 2F, 2M, 3F, 3M, 4F, 4M, 5F, 5M, 6F, 6M, 1EF, 1EM, 2EF, 2EM, 3EF, 3EM.
- No campo "Entidade" indicárase o nome do centro e no caso de ter máis de unha liña, indicárase a letra do grupo correspondente (A, B, ...).

Art. 5.- Horario e distancias aproximadas.

Hora	Categoría	Distancia	Percorrido
10:00	Cadete Fem 2º-3ºESO	1800 m.	2 V. Grandes
10:15	Cadete Mas 2º-3ºESO	1800 m.	2 V. Grandes
10:30	Infantil Fem 1º ESO	1350 m.	1 V. Pequena + 1 V. Grande
10:45	Infantil Mas. 1º ESO	1350 m.	1 V. Pequena + 1 V. Grande
11:00	Infantil Fem 6º EP	1350 m.	1 V. Pequena + 1 V. Grande
11:15	Infantil Mas. 6ºEP	1350 m.	1 V. Pequena + 1 V. Grande
11:30	Alevín Fem. 5ºEP	900 m.	1 V. Grande
11:40	Alevín Mas. 5ºEP	900 m.	1 V. Grande
11:50	Alevín Fem. 4ºEP	900 m.	1 V. Grande
12:00	Alevín Mas. 4ºEP	900 m.	1 V. Grande
12:10	Benxamín Fem. 3º EP	450 m.	1 V. Pequena
12:15	Benxamín Mas. 3º EP	450 m.	1 V. Pequena
12:20	Benxamín Fem. 2º EP	450 m.	1 V. Pequena
12:25	Benxamín Mas. 2º EP	450 m.	1 V. Pequena

O horario é provisional, poderá sufrir modificacións en función dos participantes.

Art. 6.- Dorsais. Os/as participantes deberán facer uso do dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ter coma consecuencia a ausencia do/a deportista nos resultados finais.

Art. 7.- Resultados. Realizarase unha clasificación individual segundo a orde de entrada en meta e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os/as catro primeiros/as atletas que cheguen á meta de cada entidade (catro homes e catro mulleres), e sumaranse os postos destes catro, sendo a entidade que menos sume (tendo en conta os resultados masculinos e femininos) a vencedora da proba. En caso de empate resultará

vencedor o equipo que teña o mellor posto individual. Os equipos corresponderanse co grupo/aula do centro educativo.

Art. 8.- Premios. Entregaranse medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as individuais de cada categoría e diplomas para os/as clasificados/as do 4º ao 8º posto

Art. 9.- Clasificación para a fase provincial. Haberá dúas probas na fase provincial, unha exclusiva para centros escolares a realizar en horario lectivo, e outra para todas as entidades participantes no XOGADE a celebrar en fin de semana.

Art. 9.1.- Horario lectivo. En todas as categorías (cursos), clasificarase o mellor equipo/aula de cada fase zonal.

Art. 9.2.- Fin de semana. En todas as categorías, clasificaranse para a final provincial os/as cinco primeiros/as de cada fase zonal e curso.

Art. 10.- Desprazamentos. No caso de precisar autobús, solicitalo, cunha antelación mínima de cinco días hábiles anteriores á data da proba no enderezo electrónico transporte-xogade.pontevedra@xunta.es Non será posible xestionar ningún transporte se a solicitude é posterior ao límite indicado.

Art. 10.- Outros. Todo o non disposto neste regulamento resolverase dacordo á normativa XOGADE.